# A VOZ DA ESCOLA

CURSO 2021-2022

# Eu ♥ a LINGUA GALEGA

ANO XXXIX
Nº 57

Rapilán

CPI Ramón Piñeiro
Láncara

# CONTIDO


**3 Presentando o alumnado**

## EDUCACIÓN INFANTIL
16 Descubrindo novos lugares
23 Taller de Ilustración

## EDUCACIÓN PRIMARIA
26 As manualidades de 1º de Primaria
28 Contos
30 Lapbook sobre o sistema solar
32 Murais de 1º e 2º Primaria
33 Poesía
34 Entroido
34 Rosalía
35 Planetas
36 Dieta sana
38 O outono
38 Debuxos de Nadal
39 Debuxamos contos
40 As abellas e a extracción do mel
41 Debuxo clase 4º
42 5º de Primaria
47 Sabes quen son?
48 Habilidades manuais
50 As mesturas de sexto
52 Rimas matemáticas
53 A nosa aula multisensorial
55 Argallando cos nosos ordenadores

## E.S.O.
60 Descubrindo os misterios do ADN
62 Celebración do Día internacional sobre a concienciación do autismo
63 Concurso de relato e ilustración 2022
63 “Contando cousas. Ilustrando cousas”
64 Charlas de sensibilización contra o acoso escolar
64 Actuacións a favor da igualdade
66 Obradoiro de prevención do consumo de drogas
66 Integrándonos
66 Procúranse reporteiros!
67 Máis aló das nosas fronteiras
67 Lectura
67 Experimentamos coma científicos
68 Despertando emocións
69 Acrosport e relaxación en Educación Física

## XORNADAS E CONMEMORACIÓNS
72 Mércores 23 de febreiro Un día para celebrar a Rosalía
74 8 de marzo: Día da muller
76 25 de novembro. Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres
78 Disfrazámonos no entroido
79 Letras Galegas

## SAÍDAS E OUTRAS ACTIVIDADES
82 Novo parque infantil e novo rocódromo
84 De visita en Marcelle
86 Búsqueda do tesouro
90 Biblioteca
91 En 3º ESO foron de museos
92 Proxecto Ríos 2022
93 Os de 4º ESO de paseo


2021-2022

Educación Infantil

# Presentando o alumnado



4º de Infantil



5º de Infantil



6º de Infantil



1º de Primaria



2º de Primaria



3º de Primaria



4º de Primaria



5º de Primaria




6º de Primaria

# E.S.O.




1º ESO




2º ESO




## 3º ESO



## 4º ESO

# EDUCACIÓN INFANTIL

Infantil 3 anos

Para iniciarnos nas mates, fixemos moitos xogos divertidos ao longo do curso.

Traballamos e xogamos coa nosa caixa de luz:





Traballamos o conteo saltando na alfombra numérica:





Collemos o número de osiños, ou dinosauros que nos di un dado e da cor que nos di o outro dado, despois, coa axuda das pinzas botámolos no vaso da mesma cor:





Cazamos o número de abelliñas que nos indica o dado:







Descubrimos o número oculto coa axuda das lanternas:







Tamén xogamos por equipos:









Polo Samaín fixemos apócemas máxicas





Disfrazámonos no entroido



Despois de estudar moitas cousas sobre as abellas na aula, recibimos a visita do dono de "Apípolis", grazas ao cal puidemos entender mellor todo o que aprenderamos.



Tamén nos vestimos como uns auténticos apicultores na aula.













Para traballar a motricidade, o control óculo manual, a forza nas mans, a presión coa pinza... fixemos moitas actividades:

Trasvases de area





Transvases con auga de cores que hai que mesturar con pipetas:





Escribimos as primeiras letras en area:





Tamén escribimos e debuxamos con marcadores fluorescentes en cartolina negra e despois utilizamos as lanternas de luz negra para ver o resultado:






# Descubrindo novos lugares

Infantil
4 anos

Neste curso, os nenos e nenas de 4 anos puidemos, a pesar do Covid, viaxar polo mundo, co noso amigo Moli.

O obxectivo visitar 4 países de 4 continentes. Para coñecer a súa cultura, como viven, como visten, a comida típica, xogos e xoguetes tradicionais, o idioma e moitas cousas máis.

Para iso, primeiro tivemos que sacarnos os nosos pasaportes, sen esquecernos de selalos! E despois collimos o noso primeiro avión co destino Xapón.












No segundo trimestre, Moli levounos a coñecer México e despois Kenia, onde gozamos de moita variedade de animais e da cultura da tribo dos Masais, como saltan!














# KENIA











E no terceiro trimestre, volvemos a Europa, coñecendo a capital de Francia, París, mmm, que cantidade de queixos!







# Cantos contos divertidos!

Infantil
5 anos

## Lemos e debuxamos

## - 6º Educación Infantil -



"... e, ao sentar no trono
cravou un alfinete no cu"












"Érase unha vez unha nena que se chamaba..."













"Había unha vez sete cabritos que vivían felices nunha cabana do bosque coa súa mamá; pero preto de alí roldaba un lobo feroz..."
















"Non vin vella nin velliña, nin velliña nin vellón. Corre corre, cabaciña."
















"Había una vez tres irmáns que pasabn o día brincando dun lado para outro."









# Taller de Ilustración



Láncara

**El colegio Ramón Piñeiro acoge un taller de ilustración**

La vicepresidencia de la Diputación Provincial de Lugo organiza hoy en el colegio Ramón Piñeiro de A Pobra de San Xiao (Láncara) uno de los talleres del programa IlustrarNós, que tendrá una hora de duración con distintas actividades relacionadas con el mundo de la ilustración, el diseño, las artes gráficas y la música.









# CPI RAMÓ

LÁNC



Dna. MARISA
LÓPEZ TRASHORRAS



Dna. SONIA
TORRES NEIRA

## 6º EDUCACIÓN INFANTIL
## 2021-2022



ALEJANDRA
ÁLVAREZ PÉREZ



AINARA
ARRABAL LOUREIRO



XIANA
BANDE PARDO



OLALLA
FARELO CASTRO



FABIO
LAMAS PIÑEIRO



IAGO
LÓPEZ DÍAZ



NAIRA
LÓPEZ DOMÍNGUEZ



LARA
MONTERO LÓPEZ



DANIEL
MOURELO CASTRO



HANIYA
NOOR

CPI Ramó

# N PIÑEIRO

## CARA





D. IVÁN
VILA REIJA



Dna. ROCÍO
FREIRE RODRÍGUEZ



IRINA
BUJÁN LÓPEZ



ANTÓN
CASTRO PARDIÑAS



CARLA
CONDE VALCÁRCEL



HUGO
CONDE VALCÁRCEL



JOSÉ ANTONIO
LÓPEZ FERNÁNDEZ



SOFÍA
LÓPEZ FERNÁNDEZ



KEVELLY
LÓPEZ GONÇALVES



VÍTOR
LÓPEZ MUÑOZ



MATEO
PÉREZ LÓPEZ



CARMEN
RIVAS GÓMEZ



GABRIEL ANTONIO
RODRÍGUEZ SOBERÓN



ENZO
UNGRÍA SOMOZA

ón Piñeiro

# As manualidades de 1º de Primaria





















# Contos

2º
Primaria



A NENA SUPERHEROÍNA

Érase unha vez unha nena chamada Laura que tiña douns e tiña superpoderes.
Salvaba o mundo enteiro. Pero un bo día tivo que salvar os seus pais e desde aquel momento os seus pais tamén son superheroes.
Desde ese día tiñan unha misión que cumprir: salvar a xente e deter os criminais.
E ti sabes os superpoderes que ten Laura e a súa familia?
A nai é invisible, o pai é super forte e Laura ten os superpoderes dos seus pais.

Silvia



A MEDUSA

Un día Noia e Ramón, ían paseando pola beira do mar e de súpeto picounas unha medusa de cor azul e violeta.
Á noite, cando ceaban déronse conta de que podían voar e correr máis rápido ca luz.
Decidiron viaxar por todolos países do mundo axudando os demais.

Elba



UN COFRE MAGNIFICO

Había unha vez unha clase que foi de excursión á piscina e unha nena chamada Xaínza encontrou un cofre debaixo da auga cando estaba nadando. Entón Xaínza colleuno e ensinoullelo aos seus compañeiros, a súa titora e ao monitor da piscina. Eles quedáronse abraiados. Abrírono e atoparon: pedra, diamantes, moedas de ouro e colares de prata. O final venderon o cofre e cos cartos que lles deron por el decidiron xuntarse todos para vivir un día no verán.

Martín



ANDER

Ander era un neno que vivía en Lugo. Gustáballe moito xogar ao fútbol sempre que podía.
Cando foi maior, converteuse nun xogador moi importante. Entón tivo que decidir se seguía no seu equipo ou marchaba a outro equipo mellor.
Os seus amigos animárono a marchar-se.
Cando triunfou, acordouse deles e, en canto puido, voltou para celebralo cos seus compañeiros de sempre.

Matías



O bichiño e a bichiña.

Había unha vez un bichiño con catro ollos, un corno e seis brazos. Os seus pais vivían nunha cidade. Nela había moitas casas con árbores e dentro delas había coches pequenos.
Ao bichiño gustáballe moito vivir na cidade pero tiña un problema moi serio, que como tiña tantos ollos mareábase ao ver tantas casas na cidade.
Aquel día foise en busca doutra cidade e os seus pais estaban moi preocupados por el, porque non os avisara.
De súpeto, atopouse a unha bichiña moi linda e díxolle: "Ola, como te chamas?" e ela respondeu: "Chámome Namelofi Gústache? E ti como te chamas?
Mmm... non me acordo porque como marchei da miña casa non sei como me chamo. E por que te fuches da túa casa?
O bichiño dixo: Uf... non me acordo!
E falando, falando os dous perdéronse polo medio da cidade.

Noa



EL CABALLERO VALIENTE

Había una vez un caballero muy valiente, que un día perdió su escudo y su espada. Buscó y buscó por todos lados [illegible]
Cuando [illegible] de buscar, apareció un [illegible] que le dijo:
-¿[illegible] tu escudo y tu espada son rojos y verdes?
-Sí [illegible] ¿[illegible] visto?
-[illegible] ladrón [illegible] en lo más profundo del bosque.
El caballero valiente fue rápidamente a buscarlos en su caballo.
Cuando llegó se encontró con el ladrón que estaba intentando venderlos.
El caballero le dijo:
-¡[illegible] mi escudo y mi espada!
El ladrón al [illegible] salió corriendo, dejando allí el escudo y la espada.
Así fue como el caballero pudo recuperarlos.

Arturo



A CARBALLEIRA DA FABA

Na miña aldea, que se chama Cerceda, hai unha carballeira. Ten herbas, cantallón, sílvas e un malqueiro.
Un día apareceu unha fada. Unha nena que andaba por alí pareceulle:
– Ola fada!... eu pensaba que non existiades.
– Pois si que existimos. E... podemos quedar con vós?
– Claro que si, dixo a nena.
– Onde faremos as nosas casas?
– Nas árbores que quixerades para todas que quedaron na carballeira e non vos pode descubrir ninguén.
– Entendido. Farei o que pida – Respostou a fada.
A nena quedou pensativa e preguntoulle á fada:
– Saben si veñen máis outras fadas?
– Si, vai vir unha amiga miña, as miñas primas e a miña avoa que quere ter unha carballeira.
Entón apareceu toda a súa familia e empezaron a construír as súas casas nas árbores.
As fadas estaban contentas pero a nena non porque non quería ter problemas con elas.
A nena ocorréuselle unha idea para non ter fadas na carballeira. Collou bolboretas e fóronse nas casas das fadas. Como as fadas lle tiñan medo ás bolboretas, marcharon voando para outra carballeira.
E así foi como a nena se librou das fadas.

Andrea

## A VACA ROXA

Na granxa do tío Mondo hai unha vaca moi bonita chamada Roxa e de cor marrón, cornamenta longa e afiada. Sempre buscaba os pastos máis verdes onde quere que fose ou de seu dono.

Un día a Roxa viu que o outro lado do río había un prado verde, alto que lle chamaba a atención. Pero... ela non sabía nadar! Ao principio díxolle nada pero como a herba tiña tan boa pinta, alá foi. Zas! meteuse no río. Pouco a pouco a Roxa ía afundindo.

Cando o seu dono a viu colleu o trator máis grande e potente que tiña e atouna pola cabeza e sacouna.

Dende aquela a Roxa non volveu saír do seu prado.

Brais

## LA CORONA PERDIDA

Érase una vez una corona perdida. La habían robado y el ladrón la había perdido. Todo el pueblo la estaba buscando excepto la princesa. Pero, el rey su padre; la castigaría si no la buscaba, aunque a ella le daba igual.

Su padre cada vez se enfadaba más hasta que un chico encontró la corona.

El chico era tan pobre que el rey, en agradecimiento, le dio mucho dinero.

Así el muchacho se hizo rico y a la princesa la echaron del castillo.



Xaime

Érase unha vez un paxaro chamado Oliva. Era moi bo, sempre lle deixaba as cousas aos demais. Pero un día de chuvia o curmán de Oliva sempre quería as cousas de Oliva.

Estaban diante de todos, entón, o paxaro enfadouse e díxolle:

ti que me fas, ríste de min ou que?

¡E que non me deixas nada!

Entón todos foronse correndo e lle deixaron unhas notas:

Pídelle perdon ao teu curmán. ❤

Pediulle perdón e ó seu curmán tamén. Que bon!

FIN



Marina 2º

## EL GUSANITO

Había una vez un gusanito. Era muy simpático y vivía en un agujerito pequeño con su mamá y con su papá.

Un día decidieron marcharse porque querían a su familia que vivía en otro agujerito.

El viaje fue tan largo que cuando llegaron estaban muy cansados. Cenaron todos juntos y se fueron a dormir.

Lo pasaron tan bien que decidieron quedarse allí a vivir.



ENZO

## EL BASTÓN DESAPARECIDO

El señor Gusano tenía un bastón. ¡Le encantaba! Pero, a la mañana siguiente, el señor Gusano vio que el bastón no estaba. Lo buscó por todas partes y no lo encontró.

Después de unos días, un señor pasó por la puerta del señor Gusano. El señor llamó a la puerta: Tin tin... El señor Gusano abrió la puerta y le preguntó:

¿Tú tienes mi bastón? Él dijo que sí pero no era ningún ladrón. El señor dijo que lo vio tirado en el suelo y no sabía de quien era.

El señor gusano se enfadó pero le perdonó y el señor le devolvió su bastón y se hicieron amigos.



## O DINOSAURIO QUE VOA

Había unha vez un neno, que vivía nun pobo. Gustáballe moito ir pasear á montaña. Un día viu un pequeno dinosaurio, asustouse moito e saíu correndo cara o pobo.

Ao día seguinte, volveu á montaña para ver o dinosaurio. E así, día tras día xa que se fixeron amigos.

Un día díxolle o dinosaurio:

- Queres ir dar un paseo?

O neno díxolle: ¡Si!

Subiuse ao seu lombo e comezaron a voar.

O neno nunca vivira unha aventura tan emocionante.

Nico

## EL SAPO

Una mañana un sapo salió a buscar a sus amigos pero ninguno le hacía caso y se puso triste.

Entonces se dio cuenta de que estaban tramando algo.

Uno de sus amigos le dijo:

_Hola, ven y ponte este trozo de tela en los ojos.

El sapo obedeció y siguió a sus amigos hasta un charco cercano.

De pronto el sapo oyó:

-¡SORPRESA!

El sapo no se acordaba de su cumpleaños.

Iago



## Los piratas

Érase una vez un pirata que tenía demasiada tripulación. Tenía que conseguir otro barco porque el suyo se quedaba pequeño, pero no tenía suficiente dinero, entonces ordenó a su tripulación que recogiera madera y como eran muchos enseguida construyeron el nuevo barco. Cuando lo echaron a la mar el barco no flotaba bien, entonces el capitán se fue a buscar tesoros con la mitad de su tripulación y con el dinero que ganó se hizo el más rico de los piratas y compró el barco más grande de todos.



[illegible]

# Lapbook sobre o sistema solar

2º Primaria

Os nenos e nenas de segundo elaboraron un lapbook sobre o Sistema Solar.













Elba
Brais
Juan
Matías


Iago
Elba
Martín
Brais



# Murais de 1º e 2º Primaria









# 3º Primaria

# Poesía

Como nos gusta moito a poesía celebramos o día da poesía...
A partir da poesía:

Gabriela Mistral

Dame la mano y danzaremos;
dame la mano y me amarás.
Como una sola flor seremos
como una flor, y nada más...

El mismo verso cantaremos,
al mismo paso bailarás.
Como una espiga ondularemos,
como una espiga, y nada más.

Te llamas Rosa y yo Esperanza
Pero tu nombre olvidarás,
porque seremos una danza
en la colina y nada más...



A partir de aquí é creación dos alumnos de 3º

Solo seremos amigos,
solo nos daremos esperanza,
solo nos ayudaremos,
solo eso y nada más....

Todos felices saltaremos,
Jugando y cantando
La mano me darás.
Y nada más...

Solo saltarás,
Y tú mano me darás,
sin pensar las cosas
en el campo y nada más

Tú y yo en el campo
cantaremos y bailaremos
hasta que nos hartemos.
Solo tú y yo, y nada más.





# Rosalía





# Entroido







# Planetas











# Dieta sana

*Xoel 3ºEP*




PIRÁMIDE

## 1. ¿QUÉ ES UNA DIETA SANA?

Una dieta sana es aquella que va a proporcionarnos unos niveles óptimos de nutrientes para el mantenimiento y regeneración del organismo, y unos niveles bajos de alimentos perjudiciales para la salud. ... Entre un 10% y un 15% de los nutrientes deben ser proteínas.

## 2. ¿QUÉ NO DEBEMOS COMER TANTO?

- Patatas fritas. Sus grasas poco saludables hacen de las patatas un alimento que no debes consumir.
- Bebidas azucaradas.
- Embutidos.
- Mantequilla y margarina.
- Comidas rápidas.
- Bebidas industriales, como gaseosas o refrescos.
- Productos que incluyan la grasa o nata de los lácteos (helados de crema, postres o quesos amarillos).
- Embutidos.
- Mantequilla y margarina.
- Comidas rápidas.
- Bebidas industriales como gaseosas o refrescos.
- Productos que incluyan la grasa o nata de los lácteos (helados de crema, postres o quesos amarillos).

## 3. ¿QUÉ ALIMENTOS SON LOS MÁS ADECUADOS PARA NUESTRA EDAD?

| ALIMENTOS | FRECUENCIA | CANTIDAD APROXIMADA POR RACIÓN (peso neto y en crudo) |
|---|---|---|
| VERDURAS Y HORTALIZAS | 2 raciones diarias | 150-200 g |
| FRUTAS | 2 raciones diarias | 80-100 g |
| CARNE | 3-4 raciones semanales | 80-100 g |
| PESCADO | 3-4 raciones semanales | 120-150 g |

## 4. BOAS

- LÁCTEOS: 2-3 raciones diarias. 150-200 gramos
- ARROZ, PASTAS...: 3-4 raciones semanales.  50-80 gramos
- LEGUMBRES: 2-3 raciones semanales. 50-60 gramos
- PATATAS: 3-4 raciones semanales. 100-150 gramos
- Piña, manzana, mandarina, melón etc. BOAS



**As bebidas enerxéticas son MALAS**

Patatas llevan información nutricional 100 g 25 g IR
25 G

valor energético energía

# O outono








4º
Primaria

# Debuxos de Nadal






# Debuxamos contos

Os tres porquiños, Os Bolechas, A bruxa regañadentes e A cabuxa e os 7 cabuxiños.











# As abellas e a extracción do mel

A actividade sobre As abellas e a extacción do mel, cera, pole... resultou ser tan interesante que aproveitamos para escribir uns textos e facer uns debuxos.










.O principio díxonos como se chamaba, chamábase Nico. Fomos de 10:00 a 11:45 e Nico era moi amable e divertido. Empezounos a dicir cousas das abellas: que non eran negras e amarelas, que había tres tipos de abellas nunha colmea; tamén nos dixo que lle pintaban un punto blanco a raíña para recoñecela.

. Despois démoslle voltas ao extractor do mel e antes ensinounos que as abellas comunícanse bailando.

.Tamén nos ensinou unha colmea e deunos a proba do mel e do pole! Aínda que a min non me gustou nada o pole... e ao final fixemos unhas candeas preciosas pasexino xenial.

Martín






## Debuxo clase 4º



# 5º Primaria

Este curso 2021-2022 comezou con algúns cambios no 5º curso de Educación Primaria. Chegaba un novo mestre e tamén chegaban novos recursos para utilizar na aula. Si, referímonos aos ordenadores portátiles do programa E-Dixgal. Xa queda lonxe aquel comezo de curso en setembro, que ganas tiñamos de abrir canto antes os 'agasallos' que nos esperaban dentro daquelas caixas.




En outubro chegaba a celebración do Magosto, entón decidimos reutilizar bricks de leite e/ou similares para construír os recipientes nos que botar as saborosas castañas. Pero o proceso de reutilización non quedou só aí, xa que para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero creamos un muro no que plasmamos a análise das letras dalgunhas das cancións que máis nos gustan, ao tempo que valoramos a introdución de propostas musicais alternativas coa intención de defender a dignidade e o respecto cara ás mulleres.









Por outra banda, estudamos a flora e a fauna da contorna elaborando un herbario no que identificamos as especies arbóreas das nosas localidades, investigando o aproveitamento que se fai das súas follas ou froitos namentres descubrimos e reflexionamos sobre a introdución de especies alóctonas.

Durante o curso tamén contribuímos coas nosas achegas á árbore comunitaria creada polas compañeiras e compañeiros do 6º curso de Educación Primaria. Polo Nadal deseñamos unhas estrelas que nos guiaban nas nosas andainas. Logo, no Día da Paz achegamos unhas pombas solidarias, porque como dicía Gandhi, 'non hai camiño para a paz, a paz é o camiño'.

Se falamos de ciencia temos que destacar algunhas das tarefas e actividades que máis nos gustaron. No marco do programa 'Unha enxeñeira ou científica en cada cole' aprendemos que coas Matemáticas pódense gardar segredos, codificando mensaxes, nalgúns casos as mensaxes que se trasladaban eran moi especiais e ían cargadas de amor, pois a data de San Valentín estaba preto. Tamén chegamos ao corazón dunha hortaliza pero cun obxectivo moi distinto ao anterior, pois empregamos os microscopios para observar as células vexetais dunha cebola a través da súa epiderme.







Pronto chegou febreiro e con el foise aproximando o ansiado Entroido no que cumprimos cos mandados establecidos. Ademais de cumprilos, tamén deseñamos as nosas pantallas decoradas coa confección dun 'animalario fantástico'. E como non podía ser doutro xeito, gozamos cas compañeiras e compañeiros do colexio caracterizados cuns disfraces tan pensados como coloridos.











Non podíamos deixar sen mencionar a nosa participación na ‘escola do Benquerer’, un programa de educación afectivo-sexual desenvolvido en colaboración co Departamento de Orientación e co que aprendemos a relacionarnos dende a empatía, dende o respecto e dende a coeducación. Deste modo, aprendemos a querer ben, con confianza, en igualdade, con liberdade e sobre todo con respecto cara ao que é diferente. Pero non só traballamos neste eido en colaboración co Departamento de Orientación, senón que abordamos a prevención do consumo de drogas reflexionando sobre os efectos que estas producen en nós, tal e como se amosa nas seguintes fotos.










Unha das actividades máis interesantes que tivemos este curso veu da man dun experto apicultor que nos trouxo a súa experiencia coas abellas á nosa escola. Unha xornada foi suficiente para comprender a importancia das abellas na preservación da biodiversidade dos nosos ecosistemas. Que ben o pasamos probando o mel e elaborando as candeas de cera que levamos de agasallo!

Os momentos de reflexión, solidariedade e empatía son moi necesarios nas nosas dinámicas diarias, e demostrámolo sumando o noso grao de area á conmemoración do Día Internacional de Concienciación sobre o Autismo e tamén ao mural do ‘Non ás Guerras’. A expresión oral e escrita e en concreto as creacións literarias foron outro dos aspectos nos que centramos parte do noso tempo e dos nosos esforzos. Decidimos probar sorte e presentarnos a algúns certames literarios. O bo traballo tivo a súa recompensa e tres compañeiras e compañeiros resultaron premiados no ‘XV Certame Literario Terras de Chamoso’ na categoría infantil pola modalidade de relato curto. A continuación achéganse as obras seleccionadas polo xurado.



# A MATANZA

'Xa chega a matanza!' -dixo Laura, unha nena á que lle encantaba a matanza porque viñan á súa casa todos os seus primos e amigos cos que lle encantaba xogar. Unha das cousas que máis lle gustaba a Laura era facer os chourizos cos seus amigos, e aos seus amigos encantábanlles o chourizo que se facía na casa de Laura. Estaba riquísimo!

Mañá Laura vai ir á casa dos seus amigos, os da escola. De paso, como a eles lles encanta o chourizo da súa casa, vailles levar un anaco para comer todos xuntos. Cando chegaron os seus amigos Laura levou unha sorpresa. Era o seu aniversario, e quedou alucinada co que lle tiñan preparado. Automaticamente, Laura dixo: 'tomade os chourizos que trouxen, eu ben sei que vos encantan'. Eles abrazárona.

Despois foron á casa do seu primo Raúl. Alí colleron un pouco de salchichón para que o probaran. Nada máis chegar díxolle seu primo: 'veña que aquí tamén hai matanza'. Ela rapidamente dixo: 'proba este salchichón que fixen'. A Raúl encantoulle, e deseguido saíu para axudar a matar os porcos. Laura fuxiu axiña para a cociña e tapou os oídos, pois non lle gustaba nada oír os berros dos porcos.

De repente, Laura asomouse á ventá porque oíra un berro que non era de porco. Era a súa nai berrando como unha tola, dicindo: 'escapou o porco, sálvese quen poida!'. Laura, sen pensalo dúas veces, colleu a súa bata de detective e a lupa e empezou a buscar o rastro do porco que escapara. De súpeto, viu as súas pegadas e seguiunas sen que ninguén lle axudara ata que o pillou.

Volveu á casa montada do seu lombo coma se fora un cabalo. Na casa do seu primo estaban coma tolos gritando por Laura, xa que non a encontraban. Laura berrou: 'estou aquí co porco!'.

Todos a abrazaron. Do susto que levaron, cando baixou do porco, o seu primo agarrou o porco e matouno. Laura viu por primeira vez como se mataba o porco. Despois volveu á súa casa, e como se quedou durmida, a súa nai tivo que levala ao lombo. Cando chegaron á casa viron a todos os seus amigos arredor da mesa da cociña, e Laura espertou inmediatamente ao oílos cantar a canción do aniversario feliz.

# A VIDA RURAL

A miña avoa sempre levaba os chourizos á feira para vendelos. Pero para iso tivo que aprender de moi nova a facelos. Ela díxome paso a paso como lograr uns bos chourizos.

> 'Atende neniño! Primeiro metemos a carne na máquina para que a triture. Despois metémola nas cubetas e botámoslle alto triturado con auga e un pouco de sal. Deixámolo repousar unha noite, e ao día seguinte botámoslle un pouco de "pimentón", e moito pemento doce para que colla a súa cor roxa. A continuación hai que poñer o embude na máquina para poder meter a tripa nel. Despois imos metendo a carne picada na máquina ata que a tripa se encha de carne. Agora hai que ir atando a tripa en distintos cachiños para así marcar o tamaño dos chourizos. Finalmente hai que colgalos e facer lume para que se afumen durante 1 mes.'

Un día atopouse cunha sorpresa. Puxo encima da artesa os chourizos máis pequenos e ao pouco tempo atopou unha resta por detrás da artesa.

O gato escapara con eles e cando o deron collido xa era tarde. Como lle dixo a avoa Teresa ao tío Germán: 'Germán, sabes que me fixeron o demo dos gatos?'

Germán respondeulle: 'Que che pasou filliña?'

'E que che parece que ía pasar, o demo dos gatos escondéronme unha resta de chourizos detrás da artesa. Un deles escapou cos chourizos e cando o dei pillado, aos chourizos faltábanlles cachos. E agora que fago cos chourizos que non valen para vender na feira?' –dixo a avoa Teresa.

'Ai!!... E que queres que lle faga! Espera, espera, xa sei, teño unha idea. Mañá imos cocer o pan no forno. Podemos invitar aos veciños a comer uns boliños de chourizo e así non se botan a perder. Que che parece?' –preguntoulle Germán.

A avoa respondeulle: 'Ai Germán! Que boa idea tiveches! Que ben o van pasar os nenos do pobo! Veña, a cociñar!'



# A SANTA COMPAÑA

A Santa compaña é unha lenda do rural, da Galicia máis profunda...

Era unha noite de verán, desas nas que vai moita calor. A xente estaba a celebrar a festa do pobo, os mozos e mozas estaban bailando e rindo. Foi unha festa perfecta, todos os veciños desfrutaron da noite. Xa era hora de marchar a durmir. Na casa de Abel ían facer unha acampada todos os amigos: Brais, Íker, Hugo, Joel, Samuel e Abel.

Dirixíanse andando cara a casa, cando de súpeto unhas luces cegaron os seus ollos. Cando viraron a vista viron un coche parado na estrada. Acercáronse cautelosos para prestar a súa axuda. Ao abrir a porta viron que era Don Alberto, o cura do pobo. Sen motivo ningún paráralle o coche!

Buscaron e buscaron mais non encontraron fallo algún, todo era moi estraño. O grupo de amigos decidiu acompañar a Don Alberto á súa casa que quedaba preto da igrexa, no alto do pobo. Ao deixar ao cura na casa desviáronse por un atallo atravesando o cemiterio. Seguiron andando, adentrándose nun bosque frondoso. Repentinamente comezou a soprar unha brisa moi fría que viña acompañada dunha néboa branca, densa e baixa, do son dunha campá e dun olor moi forte a cera queimada.

Ao lonxe oíanse cantigas fúnebres e o rezo do rosario. Os rapaces asustados escondéronse entre unhas penas situadas ao lado do río Neira. Quedaron agochados e case sen respirar por culpa do medo.

'É a Santa Compaña' -dixo un deles.

'Sssshhh' -mandounos calar Samuel.

Todos fixaron a vista na ponte que cruza o río, puideron ver unha procesión de ánimas con velas acendidas. Ían camiñando moi amodiño, vestían túnicas negras con capuchas.

Esas almas en pena ían descalzas vagando sen rumbo toda a noite. A procesión ía encabezada por un vivo, que portaba unha cruz e un caldeiro de auga bendita. Esa persoa non recorda nada ao día seguinte e sae en procesión todas as noites, non lle deixan descansar ningunha, polo tanto acaba enfermando. Eses vivos están condenados a vagar ata a súa morte ou ata que encontren a outra persoa que os libre desa maldición antes de que morra. Nunca poderán mirar cara atrás.

Os cativos aínda seguían agochados para non ser vistos pola Santa Compaña e así non ser maldicidos.

Se algún día vos encontrades con esta procesión non saiades correndo. Tedes que facer un círculo na terra e metervos dentro tombados boca abaixo. Quedades avisados!

Recordade que despois das doce da noite a Santa Compaña sae en busca de vivos para levalos ao mundo dos mortos, quedando así no purgatorio para a eternidade. Non todos os vivos poden ver a Santa Compaña, só hai algúns privilexiados que poden admirala e polo tanto escapar dela, e é por iso polo que os rapaces puideron esquivala pero nunca puideron contar semellante aventura porque no seu pobo pensarían que estaban tolos.

'Ese será para sempre o noso segredo' -dixeron.

Para rematar preséntanse os lemas de animación á lectura que deseñaron as alumnas e alumnos do 5º curso de Educación Primaria na conmemoración do Día do Libro. Baseáronse nunha escolla de libros apropiada para as diferentes idades das compañeiras e compañeiros do CPI Ramón Piñeiro. Así de suxestivo quedou o noso vagón que enganchamos ao tren das recorrentes lecturas que neste colexio facemos a miúdo para celebrar a devandita conmemoración, o Día da Muller, ou o propio Día de Rosalía de Castro, entre outras.









6º
Primaria

# Sabes quen son?

Os alumnos e alumnas de 6º de Primaria fixemos unha actividade para plástica na que traballamos con fotos nosas e aprendemos a pasalas a caricaturas. Aquí vos deixamos o resultado e esperamos que acertedes quen é cada un de nós.














# Habilidades manuais

A todos os alumnos e alumnas de 6º nos gusta empregar as mans, por iso fixemos bastantes cousas de plástica e manuais: unha árbore para adornar con diferentes motivos ao longo do curso e que puxemos no espazo diante das clases de primaria do piso de arriba e que estivo moi adornado grazas á axuda dos compañeiros de terceiro, cuarto e quinto; adornos de Nadal, do día da Paz, poesías de Florencio Delgado Gurriarán...; broches para o día da muller, cadros, antefaces, decoración da porta... Deixámosvos unhas cantas fotos a modo de resumo.



















# As mesturas de sexto

*Xoel 3ºEP*

## CREMA HIDRATANTE

**INGREDIENTES E UTENSILIOS:**

- Unha cullerada e media de aceite de coco.
- Unha cullerada de cera de abella
- Dúas culleradas e media de aceite de oliva virxe.
- Cinco culleradas de macela.
- Batedor.
- Un recipiente de cristal alto.
- Unha culler.



Unha mostra do aspecto que ten.

**MODO DE FACELA:**

Fundimos o aceite de coco e a cera de abella a baño María, cando xa estean líquidos engadimos o aceite de oliva morno e mesturamos. A continuación incorporamos a macela, tamén morna e co batedor apoiado no fondo do recipiente procedemos a facer a mestura e movemos o batedor cando teña unha consistencia de crema ata que vexamos que está todo ben integrado.

Pode empregarse na cara e en todo o corpo, a nós gustounos moito como crema de mans para mellorar os estragos do xel desinfectante.

## ALCOL DE ROMEU

**INGREDIENTES E UTENSILIOS:**

- Follas e flores de romeu.
- Alcol de 70º.
- Un tarro de cristal esterilizado e con tapa.

**MODO DE FACELO:**

Poñemos as follas e flores de romeu no tarro de cristal e engadimos o alcol procurando que cubra ben o romeu. Deixamos repousar unha semana a escuras. Colamos, envasamos en frascos con dosificador e listo para usar.



Pódese empregar en golpes, picaduras de insectos, varices, dolor muscular e articular.

# XABÓN DE LIMÓN

**INGREDIENTES E UTENSILIOS:**

- 600 gramos de aceite de oliva virxe.
- 224 gramos de auga .
- 88 gramos de sosa.
- Aceite esencial de limón.
- Reladura de dous limóns.
- Un recipiente de cristal de bo tamaño.
- Unha culler de madeira.
- Un batedor.
- Moldes de silicona.



Así quedaron os nosos xabóns.

**MODO DE FACELO:**

Nun recipiente mesturamos a auga coa sosa e deixamos repousar ata que teña unha temperatura similar ao aceite de oliva. Engadimos o aceite pouco a pouco mentres removemos coa culler. Pasamos a empregar o batedor mantendo apoiado no fondo do recipiente ata que colla trazas de crema e xa se pode empezar a movelo. Cando teña aspecto de crema deixamos de bater e engadimos o aceite esencial e a reladura de limón. Poñemos nos moldes e deixamos repousar de 24 a 48 horas, de seguido sacamos dos moldes e deixamos curar un mes antes de usar.



# Rimas matemáticas

*Alumn@s de 6º de E. Primaria*

As matemáticas iamos aprobando
cando a xeometría chegou avisando
e menudos problemas nos está dando
coas áreas e os perímetros a estamos liando.

Menos mal que os perímetros
dos cuadriláteros temos amañados
pois só sumamos os lados
e os triángulos abraiados
copiáronnos ilusionados
e os polígonos regulares
sentíronse descolgados
e os seus lados foron sumados.



Coas áreas topamos
e aí case patinamos
que se o cadrado
lado por lado,
o rectángulo, que tortura!
base por altura.
Cos seus lados o rombo
fai un combo.
O triángulo imitando
divide por dous a do rectángulo.
Falta o trapecio
non lle faremos o desprecio
base máis base por altura
divide por dous, que fartura!
Chega a circunferencia
e a ela facemos referencia
dous por pi e polo radio
case facemos inventario.





O círculo apareceu
e a todos nos enlouqueceu
pi por radio ó cadrado
e todo solucionado.



Chegou o Pitágoras
predicando nas ágoras,
que lío o dos catetos
deixáronnos zarabetos
e a señora hipotenusa
púxonos a mente confusa.

Por se fora pouco
asoman os volumes con retrouso
non temos nin un minuto de repouso.
As nosas cabezas fumegan
pero os aprobados nos alegran.



# A nosa aula multisensorial



Actividades para traballar a motricidade, coordinación, atención...





Uso de materiais para a estimulación visual, auditiva, táctil...







E moito máis! Toda unha serie de tarefas e recursos para a atención, por parte dos mestres de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, ao noso alumnado de Educación Infantil e Primaria!

Unha clase para traballar, xogar, relaxarse, aprender...









# Argallando cos nosos ordenadores

En 6º gústanos argallar con todo, así que empezamos a "fuchicar" cos ordenadores e deunos por facer carteis e algún que outro marca páxinas. Os carteis son sobre o día do Libro e as Letras Galegas, por certo nestes últimos pasamos as fotos de don Florencio a caricaturas. Esperamos que vos gusten.

## CARTEIS DÍA DAS LETRAS GALEGAS





















# CARTEIS DÍA DO LIBRO


















# MARCA PÁXINAS DÍA DO LIBRO

















6º Ed. Primaria

# CPI RAMÓ

## LÁNC



Dna. CARMEN
SOMOZA RODRÍGUEZ



D. BENJAMIN
MURAS GEADA

## 6º EDUCACIÓ
## PROMOCIÓN



BRAIS
ÁLVAREZ SOUTO



CARLOTA
CABADO LÓPEZ



SARA
GONZÁLEZ DÍAZ



AITANA
LÓPEZ GONZÁLEZ



PABLO
LÓPEZ REGUEIRO

# N PIÑEIRO

## CARA



D. IVÁN
VILA REIJA



D. FRANCISCO JAVIER
GARCÍA LÓPEZ



Dna. ROCÍO
FREIRE RODRÍGUEZ

## ÓN PRIMARIA
## N 2021-2022



MARTA AURIANA
CAPÓN GIL



DAVID
DÍAZ COBAS



MARIO ALEJANDRO
PEÑA GIRALDO



IAN
PÉREZ ÁLVAREZ



ÁNGEL MANUEL
TABOADA DA SILVA

# Descubrindo os misterios do ADN

4º E.S.O.

*ALUMN@S DE BIOLOXÍA 4º ESO: Adrián, Antón, David, José Manuel, Lucía, Mía Martina e Nicoli.*

Este ano dedicámonos na clase de Bioloxía a aprender moitas cousas sobre o ADN, a molécula da herdanza, fixemos varias actividades prácticas ás que chamamos os nosos experimentos biolóxicos: extracción do ADN, estudo dos cromosomas para determinar como sería a cara dos nosos descendentes, maquetas de ADN.

## EXTRACCIÓN DO ADN DE FROITAS E VERDURAS DE TEMPADA.

As froitas e as verduras, o mesmo ca nós, teñen ADN, e nós quixemos comprobalo. Foi un gran descubrimento ver como se separaba o ADN do "caldo da froita/verdura" que obtivemos ao realizar todo o proceso para liberar o ADN do interior do núcleo das células. Vimos saír o ADN de nabizas, amorodos, pera, cebola, kiwi e ata de tomate.







## ESTUDOS DOS CROMOSOMAS.
## OS CARACTERES FACIAIS DOS NOSOS DESCENDENTES (OS HERDEIROS DE 4º DA ESO)

As células que doan os pais para formar os fillos son especiais, denomínanse gametos (óvulos e espermatozoides). Cada unha destas células contén un xogo de 23 cromosomas (ADN empaquetado) cos xenes responsables da información hereditaria (22 cromosomas somáticos ou autosomas máis un cromosoma sexual, X ou Y). Ao unirse o óvulo co espermatozoide no proceso de fecundación formarase un cigoto cos 46 cromosomas propios da especie humana, nove meses despois teremos un bebé.

O xogo consistiu en xuntarnos por parellas de modo que cada un de nós tivo que representar o papel de pai ou de nai.

A profesora repartiu un papel cos debuxos dos cromosomas que pintamos e recortamos (simulando os 23 cromosomas que hai nun óvulo e nun espermatozoide respectivamente).

Tiramos ao chou os cromosomas na mesa e xuntámolos por parellas, imitando deste xeito o proceso de fecundación. Se o "noso fillo" é unha nena debería presentar 22 parellas de autosomas + **XX**, se se trata dun neno aparecerán 22 parellas de autosomas + **X Y**.

Iamos tomando nota dunhas letras que aparecían nos cromosomas e que representaban os xenes. Cunha táboa, que nos serviu de guía, comprobamos as características da cara dos nosos fillos determinadas por esa combinación de xenes (rubios, morenos, ollos verdes, ollos azuis...)

Por último, representamos os nosos respectivos fillos debuxándoos nunha lámina.

Foi moi divertido!




## MAQUETAS DE ADN

Nas nosas clases de Bioloxía aprendemos a composición e estrutura en dobre hélice do ADN que representamos nunha maqueta co material proporcionado pola nosa profesora.



# Celebración do Día internacional sobre a concienciación do autismo

Cada 2 de abril celébrase o día internacional sobre a concienciación do autismo. O CPI quixo celebrar esta data engadíndoa ao conxunto de efemérides que se celebran nos centros educativos e que forman parte desa finalidade global que ten o sistema educativo de promover o desenvolvemento persoal e social do alumnado e a educación no respecto e a empatía a todos os membros da comunidade educativa. Para celebrar este día, o centro elaborou un enorme crebacabezas con forma de corazón (símbolo do autismo) ao que lle faltaban 13 pezas. Estas pezas foron traballadas en cada grupo nas distintas etapas, facendo debuxos, escribindo lemas ou palabras asociadas ao respeto aos demáis. A continuación, nun acto sinxelo, cada grupo colocou a súa peza nun mural para completar o crebacabezas. Porque nunha sociedade plural e diversa, todas as pezas fan falta.









# Concurso de relato e ilustración 2022

# "Contando cousas. Ilustrando cousas"

O **Día da Ilustración** celébrase cada ano o 30 de xaneiro, coincidindo co día do nacemento de Castelao. Ademais de lembrar e reivindicar o papel dos profesionais da ilustración na industria cultural, cada ano é homenaxeado un ilustrador histórico galego. O protagonista deste ano foi **Reimundo Patiño.**

O Día da Ilustración é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI).

Con tal motivo, os Departamentos de Artes Plásticas e Lingua Galega organizaron un Concurso de Relato e Ilustración entre o alumnado. Crearon relatos orixinais en galego, a partires dos debuxos das obras "Cousas" e "Cousas da vida" de Castelao, e tamén ilustraron, cunha imaxe orixinal, un dos relatos da obra "Cousas".

O venres 8 de abril, todo o alumnado de ESO asistiu á entrega de premios:

**RELATOS:**

2º premio: Lorena (2º ESO). Set de rotuladores e caderno.

1º premio: Melany (4º ESO). Altofalante bluetooth.

**DEBUXO:**

2º premio: Pablo (1º ESO). Set de rotuladores e caderno.

1º premio: Iratxe (4º ESO). Auriculares Bluetooth.











# Charlas de sensibilización contra o acoso escolar

O día 11 de novembro de 2021, o alumnado do CPI Ramón Piñeiro dos cursos 5º e 6º de Educación Primaria e 1º da ESO, participaron nunha charla de sensibilización contra o acoso escolar. A actividade, incluída no Plan Director da Garda Civil, foi coordinada polo Departamento de orientación e foi impartida por Héctor Méndez (formador da Garda Civil para centros educativos da provincia de Lugo).

Na actividade abordáronse cuestións como as causas do acoso, a frecuencia, as súas formas, en que consiste o acoso, como pedir axuda, características da vítima, agresor e espectadores, etc.




Asemade, o alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación primaria e o de 1º e 2º da ESO participou o 2 de decembro de 2021 nunha charla de Afundación sobre o acoso escolar de título "Pedra, papel, tesoira..." impartida por dúas psicólogas con experiencia e formación en acoso escolar.




# Actuacións a favor da igualdade

Coincidindo coa celebración do día internacional contra a violencia de xénero, o 25 de novembro, o Departamento de orientación axudou na organización de dúas sesión formativas. Por un lado, unha Charla para a prevención da violencia de xénero, en colaboración coa Garda Civil (plan Director) o propio día 25 de novembro. E, por outro lado, a obra de teatro "Golpes", en colaboración co CIM de Sarria, o día 29 de novembro de 2021, na que unha actriz teatral representou de xeito moi acertado, todos os signos que acompañan unha relación de maltrato de xénero dende os seus inicios e nunha espiral imparable de control e violencia.



# O Camiño de Santiago




Son moitos os camiños que
levan a Santiago.
Coa elaboración
deste caderno de viaxe,
tratamos de
coñecer algo máis sobre a
tradición xacobea.
**Relixión 3ºESO**









# Obradoiro de prevención do consumo de drogas

O **Departamento de orientación** colabora no desenvolvemento da **acción titorial,** organizando un **obradoiro sobre a prevención do consumo de drogas,** para o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e de 3º e 4º da ESO. Contouse coa colaboración da asociación "Bordón sarriao". Durante estas charlas abordáronse temáticas como o tabaco, o alcol e os seus efectos na saúde. Unha das actividades que máis entusiasmou ao alumnado foi poder experimentar (cunhas gafas de recreación virtual) os efectos do alcohol sobre o equilibrio e as facultades mentais e físicas, instando a reflexionar sobre como pode afectar esta droga na condución ou na nosa vida diaria. Este obradoiro celebrouse en dúas datas durante os meses de febreiro e abril.





# INTEGRÁNDONOS
## Procúranse reporteiros!

***Diego Miguel***

Na área de Lingua e Literatura Galega puxémonos na pel dun xornalista de investigación.

Sabedes que o idioma zulú é unha lingua indíxena que despois do Apartheid rexurdiu con máis forza? Na actualidade é unha das 11 linguas oficiais de Sudáfrica, falada por arredor duns 11 millóns de persoas; unha lingua viva cun futuro prometedor.



Pero as nosas pescudas non quedaron aí…

Sóavos a canción do Rei León Hakuma matata? Pois é unha expresión noutra lingua africana, o suahili, cuxo significado é: non hai problema.

Tamén coñecemos outras linguas minoritarias do noso país; o bable, por exemplo, secasí, agora convídovos a investigar a vós porque se me foi o tempo e, ***"tengo pila cosas que facer".***

# Máis aló das nosas fronteiras

***Diego Pereira***

Malia que a Covid -19 limitou as saídas, non foi impedimento para achegármonos de maneira virtual á cultura e a gastronomía francesa. Nese percorrido ensinei aos meus compañeiros a principal estación ferroviaria do país veciño é unha das estacións máis importantes do mundo: a Gare du Nord. Neste edificio mestúrase a Historia e a arquitectura coa modernidade tecnolóxica.

Agora ando moi ocupado seleccionando fotos e cancións para o proxecto: "A banda sonora da miña vida".





# Lectura

Tamén gozamos moito coa lectura, por iso dedicamos cada día un anaco da clase para ler novas obras que atopamos na biblioteca do centro. Transpórtannos a espazos reais e imaxinarios marabillosos, fan que a nosa imaxinación voe e coñezamos moitas historias interesantes que recompilamos facendo un resumo e valoración.



# Experimentamos coma científicos

Para física e química e bioloxía e xeoloxía aprendemos o labor que fan os científicos e científicas. Para iso elaboramos un "lapbook" recompilando o máis relevante do método científico e o laboratorio, así como as normas que debemos seguir. Tamén nos metémos na pel dun científico facendo mesturas homoxéneas e heteroxéneas e coñecendo os métodos que existen para a separación das mesmas.



# Despertando emocións

***Rodri***

Que gozada é visitar a nosa biblioteca e mergullarse nese mundo de aventuras e experiencias sensoriais!

E que me dicides da nosa nova aula multisensorial? Penso que é un sitio ideal para descubrir formas, cores, texturas e... ata para crear unha orquestra!

Tamén temos tempo a xogar, por exemplo, no ordenador que tanto nos gusta e motiva.












# Acrosport e relaxación en Educación Física

Os alumnos de 3º e 4º de secundaria practicaron, dentro da materia de Educación Física, a modalidade deportiva de Ximnasia acrobática, adaptada iso si, ao contexto escolar. Pasárono xenial facendo pirámides humanas !!

Tamén fixeron un par de sesións de relaxación, aínda que algún se relaxou tanto que aproveitou para votar unha boa soneca...















4º E.S.O.

# CPI RAMÓ

LÁNC



Dna. MANUELA
VILA FERNÁNDEZ



D. FRANCISCO
SEOANE CARREIRA



Dna. ÁNGELES
PEREIRA SANTÍN



D. XURXO
RODRÍGUEZ LOZANO



Dna. ÁNGELES
LOMBAO VIGO



D. CARLOS
CARBALLO SIEIRO

## 4º E.S.O.

## PROMOCIÓN



JOSÉ MANUEL
ARIAS LÓPEZ



LUCÍA
DÍAZ COBAS



MELANY
FLORES BALDERRAMA



ANTÓN
LÓPEZ LÓPEZ



ALEJANDRO
LÓPEZ RODRÍGUEZ



ADRIÁN
PÉREZ ÁLVAREZ



MÍA MARTINA
PRIETO ROVERANO



BEATRIZ
RIVERA GONZÁLEZ

CPI Ramón

# N PIÑEIRO

## CARA



Dna. PILAR
LÓPEZ AIRA



D. JOSÉ ANTONIO
DOMÍNGUEZ ARIAS



Dna. BELÉN
QUINDÓS VARELA



D. MIGUEL
FLORES CORREDOIRA



Dna. ISABEL
FRESCO RAMIL



Dna. CARMEN
CHAVES SANTOS

**2021 - 2022**



DAVID
DÍAZ LIZ



MIGUEL
FERNÁNDEZ MONTERO



SUSANA
LÓPEZ SÁNCHEZ



DANIEL ALEJANDRO
MARFÁ SÁNCHEZ



NICOLI
PEREIRA LIMA



IRATXE
RODRÍGUEZ DA SILVA



AITOR
VÁZQUEZ GONZÁLEZ

Piñeiro

# Mércores 23 de febreiro
# Un día para celebrar a Rosalía

O Día de Rosalía converteuse nos últimos anos nunha das datas máis sinaladas do calendario cultural galego e, por primeira vez, o curso escolar 2021/2022 inclúe a celebración desta efeméride na súa programación. Unha data que ata agora, e ante o descoñecemento do día exacto do nacemento da poeta, celebrábase o 24 de febreiro, día no que recibiu o bautismo.

No noso centro o alumnado da ESO leu poemas de Rosalía ás alumnas e alumnos de 3º, 4º e 5º de Primaria. Así mesmo, alumnado de 5º e 6º de Primaria fixo ó propio coas alumnas e alumnos de ESO.

Tamén en Primaria, os de 4º de Primaria leron para as alumnas e alumnos de 1º e 2º.

E o alumnado de Educación Infantil recibiu os lectores de 3º de Primaria

Como guinda do pastel fíxose un gran grafiti da nosa máis grande poetisa nunha das fachadas principias do centro: quedou xenial!!












Rosalía
nubes corren
camiño da
miña casa
Rosalía de Castro
FEB 2022







# 8 de marzo: Día da muller

A nosa compañeira Sonia proponnos unha actividade para todo o alumnado e persoal docente e non docente. Cada un e cada unha de nós escribirá nunha cartolina o nome dunha muller importante na nosa vida acompañado dunha soa palabra que explique por que é importante: quedounos un mural ben chulo!

Por outra banda, varios profesores e mestres do centro leronlles ao alumnado de infantil e primaria biografías de mulleres relevantes na historia.







Por último, o centro brindoulles unha pequena homenaxe ás mulleres que traballan no noso centro entregando unha flor a cada unha e facendo unha foto  diante do mural doutra ilustre muller galega: Rosalía de Castro.















Rosalia

# 25 de novembro. Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres

O 25 de novembro participamos das mobilizacións da sociedade contra a violencia contra da muller. Alumnado de infantil e primaria, coordinado pola mestra de infantil Sonia, elaboraron unha pancarta reivindicativa mentres que os titores preparaban diferentes materiais para a ocasión. Finalmente, todo o alumnado do centro saíu ao patio onde se cantou unha canción conxunta para a ocasión, ao tempo que se bailaba a favor da liberdade das mulleres do mundo.










 

 

# #NoalaViolenciadeGénero



# Disfrazámonos no entroido













# Letras Galegas
























# LINGUA GALEGA. NAMÓRATE!



















# Novo parque infantil e novo rocódromo

Este curso restruturamos o patio dos nenos de infantil con novos xogos infantís e novo mobiliario. Ademais construímos un rocódromo, sobre un mural previamente feito, que poderán gozar os alumnos/as de todo o centro: quedou xenial !!

















# De visita en Marcelle





















# Búsqueda do tesouro

Dende o equipo de biblioteca este ano organizouse unha "búsqueda do tesouro" para todo o alumnado de Infantil e Primaria. Para poder abrir o cofre do tesouro que se lles entregaba aos rapaces tiñan que seguir as pistas que ían atopando e resolver os enigmas cos que se encontraban e así conseguir os 4 códigos que abrían o cadeado do cofre.











































NIKE


CHICAGO
23





# Biblioteca

Este curso púxose en marcha a Hora de Ler na ESO e arrincaron, de novo, as Mochilas Viaxeiras en Educación Infantil e en Educación Primaria. Tamén recibimos Maletas Viaxeiras do ámbito científico ( de Bioloxía, Matemáticas, Economía e Física e Química na ESO máis a de Ciencias da Natureza de Primaria).

Conmemoramos en novembro o mes da Ciencia, facendo unha pequena exposición na biblioteca de libros de ciencia dos nosos fondos bibliográficos.

Celabramos o Día de Rosalía co apadriñamento lector entre o alumnado, de xeito que @s alumn@s da ESO leron "Pra a Habana!" e "Caldo de Gloria" e @s alumn@s de Primaria "Unha vez cravei un cravo". Tamén confeccionamos uns crebacabezas coa cara da nosa escritora máis universal.

Conmemoramos tamén o Día do Libro Infantil e Xuvenil (2 de abril) realizando unha pequena exposición sobre Andersen e tamén o Día do Libro (23 de abril) facendo un tren de 13 vagóns (cada titoría colaborou cun traballo plástico e/ou literario para animar a ler), co lema "Súbete ao tren da Lectura".

Celabramos tamén As Letras Galegas, centrándonos na figura de Florencio Delgado Gurriarán.











# En 3º ESO foron de museos

O alumnado de 3º de ESO realizou unha saída a Lugo na que visitou o Museo Provincial de Lugo e posteriormente a exposición Galicia Futura na Fundación ABANCA.











# Proxecto Ríos 2022

Despois de dous anos de pandemia retomamos o Proxecto Ríos e, de novo, achegámonos con Ramsés ata  a área recreativa de Láncara para o estudo do río Neira: observamos peixes, cágados, identificamos macroinvertebrados, analizamos parámetros físico-químicos como o pH, osíxeno disolvido , nitratos... o que nos permitiu chegar á conclusión de que a calidade  da súa auga, o mesmo que  anos anteriores, segue sendo moi boa.












# Os de 4º ESO de paseo

Unha das actuacións recollidas no do Plan de Orientación Académico-Profesional do CPI Ramón Piñeiro é a visita a centros educativos da contorna, de cara a proporcionar información ao alumnado sobre as diferentes opcións académicas e profesionais existentes ao rematar a ESO. O pasado día 28 de marzo, o alumnado de 4º da ESO visitou o CIFP Politécnico de Lugo para coñecer de primeira man algúns dos ciclos de formación profesional que alí se imparten e as súas correspondentes familias profesionais. Algúns dos ciclos que visitaron foron: CM Coidados Auxiliares de Enfermería, CS de Próteses dentais, CS de Hixiene bucodental, a familia profesional de Electricidade e electrónica (CS de Robótica) e o CS de Educación Infantil.

Ese mesmo día, nunha colaboración co Tribunal de Xustiza de Galicia; coa finalidade de achegar a xustiza e o seu funcionamento aos escolares e que coñezan de primeira man os traballos relacionados con este campo, o alumnado asistiu a tres xuízos (co seu fiscal, xuíz, letrados, etc), podendo ver o día a día nun xulgado. E quen sabe se espertando algunha vocación neste ámbito.







## FEBREIRO EN QUINTE

Aguilloan as nubes
as pólas dos castiros,
nubes de chumbo e de la,
nubes quísticas,
nubes de aceiro e de látex
abrazando o souto,
poñendo o decorado
ás hedras apaixoadas,
polbos asasinos
que afogan os carballos
salpicados de corvos noitébregos.
Mal agoiro, muller, mal agoiro!
Salarios, pensións,
hai guerra en Ucraína;
a luz, o gasoil,
non se foi o covid,
subiu a inflación.
Non son tempos para os soños;
non son tempos para a vida!
Mais, se cadra,
aínda una tépeda raiola
nos regala a primavera,
e volve a bubela e o xílgaro,
o esquío, o cuco e as lavercas,
e vemos rulas nos camiños,
e os grilos tecen a coro
unha sinfonía de esperanza.

*Xurxo (2022)*



# ÍMONOS!

Temos **unha mestura** de sentimentos e recordos; gratitude, orgullo, pena, alegría, emoción.

Un **camiño** longo que resultou moi curto. Deixamos atrás profesores, compañeiros, experiencias e aulas que resultaron ser **case** un fogar.

**Pecha unha** porta e **abren** outras. Dividirémonos entre traballo e estudos, pero as **vivencias neste** centro sempre viaxarán con nós.

RAPILÁN
A Voz da Escola
Revista escolar Nº 57
ANO XXXIX

**Edición**
CPI Ramón Piñeiro

**Corrección lingüística**
Departamento de Lingua Galega

**Ilustración portada**
Departamento de Plástica

2022 CPI Ramón Piñeiro
Praza dos Reis s/n
27360
Pobra de San Xiao, Láncara, LUGO



WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CPIRAMONPINEIROLANCARA

WWW.FACEBOOK.COM/RAMONPINEIRO

CPI Ramón Piñeiro Láncara

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES